



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 08/09/2012.

Concelleiros presentes:

- D. Secundino García Casal.
- D. Manuel Varela Mecías.
- D^a María del Carmen Muiño Filgueira.
- D^a María Amparo Calvo González.
- D. Jesús Manuel Soto Vivero.
- D^a Ana Belén Breijo Gundín.
- D^a María del Carmen García Pérez.
- D. Plácido López Loureiro.
- D. Hipólito Díaz Silva.
- D^a Silvia Fernández Muiño.
- D. Fernando Márquez Hermida.

Secretario:

- D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e tres minutos do día oito de setembro de dous mil doce, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día sete de xullo do presente ano dous mil doce. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non habendo solicitudes de rectificación, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

SEGUNDO. RATIFICACIÓN E TOMA DE RAZÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓN.

Dase conta da sinatura da escritura pública para a cesión á Xunta de Galicia do edificio no que funciona o Punto de Atención Continuada, tras varios anos de trámites, o que suporá unha redución do gasto corrente do Concello, xa que será a administración autonómica quen asumirá a totalidade dos gastos de funcionamento dese centro médico.

A Corporación queda enterada do contido do expediente de que se trata.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

TERCEIRO. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 12 E ELIMINACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 13.

Dase conta en primeiro lugar dun erro na convocatoria deste Pleno, na que se indicaba que a Ordenanza a derogar era a 14, cando é a nº 13. Explícase polo Sr. Soto que do que se trata é de fusionar o contido de dúas ordenanzas vixentes que regulan cuestións semellantes, incorporando na nº 12, reguladora da Taxa pola prestación de servizos culturais e deportivos e a utilización de instalacións deportivas municipais, o recollido na nº 13, que se refería á prestación do servizo de ensinanzas especiais en establecementos docentes do Concello. Polo referido ás tarifas, explica o Sr. Soto que se introduce a matrícula nas ensinanzas impartidas polo Concello, cun importe de 15 euros, e se reduce o importe da taxa por uso do pavillón a veciños e entidades sen ánimo de lucro da localidade, que están a ver como se reducen os seus ingresos correntes nos últimos anos e precisan as axudas posibles.

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos once membros do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Toma a palabra o Sr. Márquez, que se amosa de acordo coa proposta do grupo de goberno, solicitando que as reducións de cotas indicadas polo Sr. Soto poidan extenderse a outros servizos municipais. Tamén o Sr. López Loureiro maniféstase conforme coa proposta de que se trata.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda:

1º.- Aprobar provisionalmente as modificacións propostas para a Ordenanza Fiscal nº 12, reguladora da Taxa pola prestación de servizos culturais e deportivos e a utilización de instalacións deportivas municipais, nos términos en que figura no expediente.

Aprobar provisionalmente a derogación total da Ordenanza Fiscal nº 13, reguladora da Taxa pola prestación do servizo de ensinanzas especiais en establecementos docentes do Concello.

2º.- Dar ó expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de trinta días hábiles, dentro do que os interesados poderán examinalo e prantexar as reclamacións que estimen oportunas.

3º.- Considerar, no suposto de que non se presentasen reclamacións ó expediente no prazo anteriormente indicado, que o presente acordo é definitivo, en base ó artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais.

CUARTO. INCLUSIÓN DE BENS NO INVENTARIO MUNICIPAL.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Dase conta de que no Inventario de Bens deste Concello, aprobado polo Pleno con data do 20/05/97, non figuran varios camiños de concentración parcelaria correspondentes ás parroquias de Lamas, Bardaos, Monte e San Sadurniño, e dos traballos técnicos realizados para posibilitar a súa inclusión nese Inventario, aproveitando os servizos dun técnico en topografía contratado ó abeiro do convenio para contratación de desempregados asinado este ano. Se considera procedente polo grupo de goberno iniciar cuanto antes un expediente para a incorporación deses camiños en cumprimento do indicado na normativa reguladora do Inventario.

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos once membros do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Márquez manifesta a súa conformidade coa proposta, solicitando que se aproveite para tratar de detectar posibles erros noutros bens inscritos, especialmente vías públicas. O Sr. Lopez Loureiro expresa a súa coincidencia co exposto polo Sr. Márquez. O Sr. Alcalde di que así se tratará de facer, e que se pretende que os veciños tamén teñan participación no expediente, para detectar posibles erros, porque o Inventario é un instrumento en permanente actualización.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda iniciar expediente para a incorporación ó Inventario de Bens do Concello dos camiños de concentración parcelaria de todo o término municipal que non figuran sendo de titularidade pública, do que se dará conta ó Pleno para a súa aprobación.

QUINTO. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA IMPEDIR A PERDA DE PODER ADQUISITIVO DE EMPREGADOS PÚBLICOS AFECTADOS POLO DECRETO 27/2012.

O Sr. Soto explica e resume o contido da moción de que se trata, presentada no rexistro do Concello con data do 03/09/12, e que literalmente di:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As decisións adoptadas polo Goberno central en materia de política económica están a provocar un agravamento da crise económica. A obsesión por dar unha prioridade absoluta á contención do gasto público, seguindo sen matices os ditados emanados polo FMI, o BCE ou a UE, cada vez máis pregados aos intereses do capital financeiro transnacional, ocasionan tanto unha continua perda de empregos como un empeoramento das condicións de vida das persoas que manteñen o seu emprego.

Até o de agora, o “programa de reformas” executado polo PP só deu como resultados máis desemprego, unha caída no consumo e na actividade económica, e un maior estancamento do crédito ás persoas emprendedoras, empresas e familias. Ningún sector económico é alleo nestes momentos á crise, porén tampouco se están a elaborar estratexias para reactivar o pulso económico nos mesmos.

A única política definida é a de aplicar continuos recortes en dereitos económicos e sociais conquistados en favor das maiorías sociais. Esa teima amosa como este Goberno está a



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

empregar a crise máis como un pretexto para avanzar no modelo de sociedade cada vez máis desigual que abandeira a doutrina neoliberal, cunha maior desprotección para as persoas máis desfavorecidas, e ao tempo cun reforzamento de privilexios para minoritarias elites sociais. O propio Comité de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais da ONU vén de afirmar, respecto do Estado español, que “as medidas de austeridade están prexudicando de forma desproporcionada os grupos desfavorecidos”, asegurando ademais que os axustes están a destruír o estado do benestar e provocando un aumento considerábel do número de persoas en risco de pobreza.

O último episodio desta errática política económica constitúeo o Real Decreto-Lei 20/2011, do 13 de xullo, que contén medidas destinadas á minoración retributiva e de dereitos laborais para as empregadas e os empregados públicos, á redución das prestacións por desemprego, á diminución do financiamento do sistema de axuda á dependencia, á liberalización comercial que provocará perdas ao comercio tradicional fronte ás grandes superficies comerciais. Todo iso completado cunha suba fiscal (o IVE) na imposición asociada ao consumo de xeito que se reparten linealmente as cargas contributivas no canto de acometer unha reforma fiscal progresiva sobre as grandes fortunas e patrimonios e as rendas máis altas.

A aprobación de dita norma realizouse dun xeito impropio á relevancia do seu contido. Apenas unhas semanas após de terse publicado os orzamentos xerais do Estado, e cando a maior parte das administracións públicas xa afrontan os obxectivos e a planificación do exercicio seguinte, o presidente do Goberno do Estado anunciou as medidas, sen diálogo nin consenso previo, que son aprobadas só dous días despois, sen que tampouco as persoas, entidades representativas e mesmo administracións implicadas na súa execución poidan participar en dito proceso.

Unha auténtica imposición, que no caso dos concellos socava a autonomía local, ao pretender facelos partícipes de medidas inxustas, das que moitas corporacións locais discrepan politicamente, polo que supoñen de atacar de novo dereitos consolidados de persoas traballadoras, ademais da súa inutilidade, como xa se ten demostrado.

A nova redución retributiva ás empregadas e aos empregados públicos que se plasma no Real Decreto-Lei 20/2011 imponse dun xeito unilateral, malia que esa medida xa se ten ensaiado noutros momentos dentro de actuacións económicas contra a crise, e como resultado deu precisamente o contrario do que se perseguía. Nada indica na práctica que a redución salarial sobre as persoas traballadoras, entre elas as persoas que desenvolven o seu traballo no sector público, sexa unha medida que contribúe á reactivación económica, ao contrario, aínda resta capacidade adquisitiva á maior parte da poboación co que se resente o consumo e a actividade económica.

No caso concreto do noso concello, estamos seguros de que eliminar a paga extra ás empregadas e aos empregados da administración municipal é unha medida profundamente inxusta e equivocada. Tamén no ámbito local, agravará aínda máis a crise pois reducir o poder de compra das empregadas e dos empregados públicos afectará moi negativamente ao tecido económico deste concello.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Por iso, ante o escenario deseñado polo Goberno do Estado, inútil e errático á hora de recuperar e impulsar a economía como todos os indicadores económicos demostran, ineficaz para asegurar financiamento público e privado dadas as persistentes restricións no crédito, e pertinaz en aplicar reformas cuxo único e real obxectivo consiste en recortar dereitos económicos e sociais das maiorías sociais, é preciso adoptar un posicionamento político unívoco por parte desta Corporación Municipal en contra desa política, alén de articular as medidas que sexan necesarias para evitar a perda de poder adquisitivo das empregadas e dos empregados públicos.

Por iso, pídeselle do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal ás medidas reguladas polo Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo.

Rexeitar a decisión de impor ás empregadas e aos empregados públicos novas perdas de poder adquisitivo, que terán un efecto indirecto sobre o consumo no concello e no tecido económico local.

Compensar a perda do poder adquisitivo das empregadas e dos empregados públicos municipais, instando á Alcaldía a que adopte as medidas necesarias para atinxir ese obxectivo."

O acordo de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos once membros do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Márquez interven para dicir que o goberno segue coa súa liña de recortes, alcanzando agora ós empregados públicos, e abundando nos ataques contra os máis débiles, o que sen dúbida notarase en decembro nun importante descenso do consumo, e para manifestar o total rexeitamento desa liña de actuación. Di tamén que bota en falla na moción algunha referencia á redución das retribucións dos membros do grupo de goberno, que noutros concellos adoptouse por solidariedade cos traballadores afectados, e que podería incorporarse un cuarto punto con ese contido na moción.

O Sr. López Loureiro manifesta a postura do seu grupo, contraria á aprobación desa moción, lendo parte dun documento no que expón as principais razóns desa postura, que son as seguintes: "Resumen en dúas cifras da situación económica do País: Ano 2011: ingresos, 377.085 millóns de euros; gastos 468.429 millóns de euros; resultado, 91.344 millóns de euros de déficit. España ten unha débeda de máis de 900.000 millóns de euros. O que debemos é moito, e hai que devolve-lo, e nestes momentos é difícilísimo que nos presten ou nos refinancien. A situación é moi complexa, os intereses son elevadísimos. Non se pode gastar o que non se ten. Todo isto obrigou á redución de gasto en todas as administracións e a tratar de aumentar os ingresos. A obriga de controlar o gasto público afecta a todas as administracións.

O responsable do maior recorte no dereito ao traballo é o PSOE, que provocou que se chegara á cifra de 5 millóns parados. Esta herdanza socialista de paro e recesión económica fan



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

imprescindibles os axustes para garantir o equilibrio financeiro do sistema (e non esquezamos que o BNG, agora asinante desta moción, prestou o seu apoio explícito ao goberno do PSOE. Os resultados, á vista están. ¿Constituíu un bo exemplo de xestión pública?).

A ningún Goberno lle é agradable ter que subir impostos como o IVE. Se subiron tipos, pero se mantén intacto o superreducido para produtos de primeira necesidade. Agora se lle pide un novo esforzo aos funcionarios, pero esta medida é temporal, e en Galicia, segundo a normativa xa aprobada e en vigor, recuperable na mesma forma de retribución que o salario. Está garantido por lei." Di tamén que en calquera caso, se o Concello pode pagar agora a paga extra do persoal, estarían de acordo.

O Sr. Soto di que o Concello ten consignación e tesoureiría para poder aboar esa paga, e que quen causou esta situación e acumula a maior débeda neste país é o sector financeiro. En canto á proposta de redución das cantidades que perciben os concelleiros, sería unha proposta contradictoria coa de aboar a todo o persoal a paga en cuestión. O Sr. Márquez insiste en que lle parece unha vergoña que os políticos que cobran non se solidaricen cos traballadores nesta cuestión. O Sr. Soto di que sería demagórico que renunciaran á paga extra persoas que xa non a perciben e que non se trata de particularizar asuntos en ninguén, e repite que a solicitude do seu grupo é que todo o persoal cobre esa paga, polo que non tería sentido excluír ós políticos desa petición. O Sr. Márquez toma novamente a palabra para clarear a súa postura: que para os cargos políticos, que son voluntarios, propón unha igualdade de trato co resto dos perceptores de retribucións públicas.

Interven finalmente o Sr. Alcalde, para insistir en que a moción rexeita a norma pola que se impoñen as reducións retributivas, polo que o añadido de que se trata, por solidariedade cos afectados, resultaría absurdo, e que a non retribución do exercicio de cargos públicos tería como consecuencia que soamente os ricos poideran adicarse á política. Di que o actual debate sobre a redución de cargos públicos é estéril e non arranxa nada, e manifesta, solicitando que conste en acta, o compromiso dos membros do seu grupo de non cobrar paga extra, independentemente do contido da normativa estatal ou da moción presentada. Di por outra banda que o oitenta por cen da débeda que está no orixe desta crise corresponde ás grandes empresas e ás corporacións multinacionais que emprenderon grandes aventuras expansionistas fracasadas, e que do que se trata agora é de converter a débeda privada destas empresas en débeda pública. Remata decindo que como continuación destas políticas, o goberno prantéxase retirar as pensións cando pasen as próximas eleccións, e que da actual situación tamén é responsable o anterior goberno nacional, do PSOE, que aplicou o mesmo tipo de medidas.

Sometido de seguido o asunto a votación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con tres votos contrarios, dos concelleiros do PP, acorda prestarlle a súa aprobación á moción de que se trata.

SEXTO. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CONTRA A SUPRESIÓN DOS SERVIZOS FERROVIARIOS.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

O Sr. Soto explica e resume o contido da moción de que se trata, presentada no rexistro do Concello con data do 03/09/12, e que literalmente di:

“Exposición de Motivos

As comarcas de Ferrolterra, Ortegal e Eume corren perigo de perder o tren. O Goberno español pretende reducir e/ou eliminar servizos ferroviarios. No caso de FEVE afectaría ás cercanías de forma grave e aos servizos rexionais, polo que a comunicación ferroviaria en Ferrolterra, e entre esta comarca, Ortegal e A Mariña sería aínda máis deficiente e as dificultades para o uso de transporte público moito maiores. Non é esta a mellor forma de colaborar ao seu desenvolvemento económico e ao seu equilibrio social. Os recortes de FEVE non traerán máis que maior precarización dos servizo e máis paro.

Pola súa parte, respecto dos servizos de Renfe pretende a práctica eliminación dos rexionais actuais en nome dunha política de reestructuración e liberalización que, na práctica, significa a desaparición do ferrocarril, quedando en exclusiva o itinerario Ferrol-A Coruña en mans do transporte por estrada. Non é de recibo que unha área de máis de 500.000 habitantes quede á marxe dun transporte público que cumpre un portante papel social e que podía cumprilo moito máis de terse realizado os investimentos necesarios na infraestrutura, alén de contar con mellor material rodante e o número de frecuencias adecuadas ás necesidades. En lugar de optar polo desenvolvemento económico, impulsando o ferrocarril, o Goberno español ve este momento de crise como unha nova oportunidade para empobrecer máis unha comarca dabondo castigada por sucesivas restruuturacións de sectores económicos estratéxicos como naval.

E por isto que o grupo municipal do BNG presenta esta moción e solicita o voto favorábel do Pleno da Corporación municipal para a adopción dos seguintes

ACORDOS

1.-Expresar o rexeitamento total aos planos do Goberno español de reducir e/ou eliminar servizos ferroviarios en Galicia, en particular nas comarcas de Ferrol-Ortegal-A Mariña, FEVE, e no itinerario Ferrol-A Coruña, Renfe, por significar máis discriminación e marxinação económica e social destas comarcas.

2.-Esixir do Goberno español e da empresa pública FEVE o mantimento dos servizos actuais en Galiza, e en particular as frecuencias nas cercanías e os rexionais existentes, ademais de mellorar a súa prestación tanto en material rodante como en adecuación ás necesidades sociais. Instar á Xunta a que realice xestións co mesmo obxectivo

3.-Instar ao Goberno español e á Xunta a negociar a transferencia dos servizos de FEVE en Galiza e de Renfe no itinerario Ferrol-A Coruña á Comunidade Autónoma de Galiza, nas debidas condicións económicas, para formar unha Compañía Ferroviaria Pública Galega que os preste e xestione debidamente, co interese requerido e como parte fundamental do desenvolvemento económico e da cohesión social destas comarcas.

4.-Esixir do Goberno español e da empresa pública Renfe o mantimento dos servizos rexionais de Renfe entre Ferrol e A Coruña e aumentar o número de frecuencias, conforme ás necesidades sociais, mellorando o material rodante e acurtando o tempo de viaxe, realizando o



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

investimento necesario para a construción dun by pass en Betanzos. Instar á Xunta a que realice xestións co mesmo obxectivo.”

O acordo de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos once membros do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Márquez manifesta o seu apoio ó contido da moción, explicando que se trata doutra medida máis na liña de recortes do goberno do PP, que tamén neste caso afecta ós máis débiles e que ademáis adianta unha clara ameaza de privatización dun servizo que, pola contra, debería potenciarse.

O Sr. López Loureiro tamén manifesta a súa conformidade coa moción, indicando sen embargo que se debería tratar de reducir o déficit que acumulan estes servizos, que finalmente págase entre todos, e que en ocasións os niveis de uso do servizo son realmente baixos.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para dicir que se trata de máis do mesmo que no punto anterior, que a empresa FEVE dividirase e liquidarase mediante vendas ó sector privado das partes rendibles, porque este goberno polo que aposta é polas privatizacións, como xa demostrou co tema dos autobuses, que remataron en mans dunha multinacional do sector, que soamente se preocupa das liñas que dan beneficios. E di tamén que hai tempo que se ven preparando esa privatización mediante investimentos non axeitados ás necesidades operativas do servizo, viaxes sen revisor que non computan estatisticamente ou horarios inadecuados ás necesidades dos usuarios, como o do primeiro tren da mañá, posterior á hora de entrada nas principais empresas da zona. Por eses motivos a moción inclúe a petición de transferencia das competencias na materia á Xunta, porque se trata de cuestións políticas nas que é preciso intervir, como no presente caso, no que os alcaldes da zona xa concertaron unha xuntanza co Conselleiro e acadaron polo momento un compromiso de non suprimir liñas nin frecuencias ata fin de ano.

Sometido de seguido o asunto a votación, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación á moción de que se trata.

SÉTIMO. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE APOIO Ó SECTOR LÁCTEO.

O Sr. Soto explica e resume o contido da moción de que se trata, presentada no rexistro do Concello con data do 03/09/12, e que literalmente di:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos sobre produción e pagos da industria láctea á mesma en Galiza nos últimos anos dinnos que os produtores e produtoras de leite galegos sempre percibiron prezos por debaixo da media estatal e europea, mesmo con diferenzas que chegaron a ser de 5 céntimos a respecto de Asturias ou Andalucía. Durante moitos meses tiveron que vender o seu leite a



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

perdas, xa que o prezo non cubría os gastos de produción. Hai que lembrar que iso non aconteceu en ningún momento desde o ano 2006 até marzo de 2009, baixo a responsabilidade do BNG no Goberno galego e que durante ese período o prezo percibido polos gandeiros e gandeiras galegos estaba por riba da media española e mesmo por encima do que percibían os produtores e produtoras franceses.

Neste contexto a Xunta de Galiza estivo ausente. Abandonou o liderado do sector lácteo no Estado. Tendo en conta que en Galiza se produce preto do 40% do total estatal e se asentan máis do 50% dos produtores e produtoras, Galiza debera ser quen determinase a posición e a política do Estado no sector lácteo tanto en decisións de Estado como da UE.

Non conformes con isto, foron desmantelando un a un todos os instrumentos dos que se tiña dotado Galiza e que tan bos resultados tiñan proporcionando en anos anteriores.

Sobre a Mesa do Leite, eliminaron o seu funcionamento, aínda que o BNG pediu reiteradamente o seu impulso e era unha peza clave para coa intermediación da Xunta acadar acordos entre produtores, produtoras e industrias e tamén para sentar á distribución e tirarlle compromisos de non utilizar o prezo do leite como elemento reclamo dos supermercados. Por iso o BNG na moción pide que se restituía o seu funcionamento e que a Xunta teña un papel activo.

Elimináronse os contratos homologados galegos, que tal e como estaban configurados, eran os máis avanzados de Europa, de feito en Francia, á que sen pon de exemplo, copiaron o modelo impulsado polo BNG. Os contratos permitían na práctica a negociación colectiva do prezo do leite, xa que o acordo establecía que o prezo se fixaba tendo en conta os custes de produción, gastos, situación do mercado, etc, en base aos índices elaborados polo Observatorio do Sector lácteo no que tamén participan todas as bases do sector: produción, industria e distribución. O PP desde a súa chegada á Xunta eliminou de facto tanto os contratos como o funcionamento do Observatorio. O BNG reclama que, á vista das eivas que ten a regulación estatal, a Xunta de Galiza empregue os instrumentos que xa ten e que demostraron no pasado a súa utilidade.

En relación co incremento da base territorial, merece reflexión o voto a favor dos sindicatos agrarios á Lei de Mobilidade de Terras no Consello Agrario, que se carga na práctica o Banco de Terras e que permite a forestación de terras agrarias ao tempo que elimina a definición de superficie agraria útil. Con esta lei que substitúe á do Banco de Terras, as terras que están incorporadas ao Banco de Terras non teñen que ser utilizadas prioritariamente para explotacións agrarias, e non existen medidas de apoio para que os gandeiros e gandeiras poidan acceder a estas. Polo tanto o BNG pide que malia termos agora un marco legal moi deficiente, este se utilice para fornecer de terra ás explotacións e non para facer cultivos forestais enerxéticos.

Finalmente, tamén debemos facer mención á crítica situación pola que están atravesando as cooperativas de produtores lácteos co pasotismo da Xunta que eliminou as axudas para o funcionamento e redimensionamento das cooperativas e que o único que fixo neste ámbito foi apostar por un proxecto empresarial lácteo impulsado polo PP, sen solvencia, ao que lle levan



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

entregado máis de 7 millóns de euros de cartos públicos, que non lle paga aos produtores e produtoras e que coloca leite nos supermercados a menos de 50 céntimos o litro, dinamitando os prezos á baixa. Esta é a aposta do PP polo sector lácteo e este parece ser o seu modelo empresarial.

Por todo o exposto, o GM do BNG somete á consideración do Pleno Municipal do Concello de San Sadurniño que inste á Xunta de Galiza a adoptar os seguintes ACORDOS en relación coa situación crítica que están a atravesar os produtores/as e cooperativas do sector lácteo galego:

1. Impulsar un programa de capitalización das cooperativas do sector lácteo que permita un proceso de integración de todo o sector cooperativo nun grupo de base ou cooperativa que propicie a participación dos e das produtoras da cadea de valor e que sexa un instrumento para facer fronte ás imposicións da industria e da distribución.

2.- Institucionalizar a Mesa do Leite e garantir que o seu funcionamento coa intermediación da administración sirva para retomar o seu papel de instrumento que propicie acordos entre as partes respecto dos prezos do leite en orixe garantindo en todo caso que en Galiza non perciban prezos por baixo dos do resto do Estado, para a asunción de compromisos de non utilización do prezo do leite como reclamo e o establecemento de marcos estábeis de relación entre produción, transformación e industria.

3.- Retomar o funcionamento do Observatorio do Sector lácteo como instrumento para a análise da evolución das diferentes variábeis económicas e comerciais que condicionan o sector lácteo, poñéndoo a disposición do sector para que os seus índices e indicadores sirvan de base aos acordos entre as partes.

4.- Renovar a vixencia dos contratos homologados en Galiza e propiciar a través de todos os instrumentos dos que dispón a Xunta de Galiza a súa extensión ao conxunto do sector.

5.- Adoptar as medidas necesarias para que os proxectos empresariais do sector lácteo que contan co apoio económico e institucional da Xunta de Galiza non comercialicen leite a prezos que non garantan a percepción, polos produtores e produtoras, de prezos que remuneren os seus gastos e o seu traballo e que ademais tiran á baixa os prezos do conxunto do sector.

6. Impulsar un funcionamento efectivo do Banco de Terras orientando a súa actuación a impulsar aqueles proxectos vinculados co incremento de base territorial das explotacións lácteas e a eliminar todas as medidas que acaben permitindo a forestación de terras con vocación ou aptitude agraria.

7.- Reforzar e incrementar os recursos destinados ás medidas de axuda ao sector lácteo, nomeadamente os orientados á modernización das explotacións.

8.- Reclamar do Goberno do Estado a utilización de todos os mecanismos legais para impedir a importación de leite foráneo tanto pola industria como pola distribución para evitar converternos en sumidoiros dos seus excedentes a costa da ruína dos nosos produtores e produtoras."

O acordo de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

votación ordinaria e por unanimidade dos once membros do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Márquez amósase de acordo co contido da moción, indicando que a situación é lamentable e os costes inasumibles, que os prezos actuais non se poden manter e que existe un risco real de desaparición do sector.

O Sr. López Loureiro tamén manifesta a súa conformidade coa moción.

Sometido de seguido o asunto a votación, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación á moción de que se trata.


URXENCIA. Antes de pasar ó oitavo e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado no artigo 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día da presente sesión. Non habendo asuntos deste tipo, pásase de seguido ó punto de rogos e preguntas.

OITAVO. ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Márquez pregunta pola limpeza dos soportes dos contedores de lixo, porque di que algúns deles xa están algo comidos polas silvas, e a concelleira da área, Sra. Calvo, resposta que ese traballo xa se está a facer, e que se comezou polos soportes da parroquia de Bardaos.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e cincuenta minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,



O SECRETARIO,

